

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **12 de decembro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 18.30 horas o día 12 de decembro de 2019, reúnese a comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE NOVIEMBRE DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de novembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 21 de novembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, entende que a competencia en materia de educación é da Xunta de Galicia, polo que debe ser a Administración Autonómica a que sufrague polo menos a maior parte dos gastos dos conservatorios. Indica que o seu grupo reserva o voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que novamente se trata dunha carga que están asumindo os concellos e que lle correspondería á Xunta de Galicia, coa agravante de que nos concellos sede dos conservatorios se atenden aos alumnos e ás alumnas de concellos limítrofes. Conclúe indicando que a achega da Xunta para o seu financiamento ten que ser maior.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta o seu acordo coas afirmacións dos grupos precedentes, en canto a que se trata dunha competencia autonómica, manifestando que o seu grupo reserva o voto para o Pleno.

A presidenta da comisión indica que o seu grupo procederá a estudar con detalle as propostas de acordo formuladas polo grupo proponente e que van reservar o voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Buscarlle solucións ao financiamento dos conservatorios de música das vilas da provincia de Ourense mediante un acordo entre a Xunta de Galicia, os concellos e a Deputación Provincial de Ourense para repartir a carga económica.

2º.- Que a Deputación aprobe ao longo de 2020 unha partida para financiar aos conservatorios profesionais da provincia na mesma cantidade que achegue a Xunta de Galicia.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.